

RESOLUCIÓN COMPLEMENTARIA Á RESOLUCIÓN REITORAL DO 15 DE XULLO DE 2021 POLA QUE SE ESTABLECEN OS PREZOS DE MATRÍCULA DE APLICACIÓN AO ALUMNADO ESTRANXEIRO MAIOR DE DEZAOITO ANOS QUE NON TEÑA A CONDICIÓN DE RESIDENTE PARA O CURSO 2021-2022

Mediante a Resolución Reitoral do 15 de xullo de 2021 establecéronse, para o curso académico 2021-2022, os prezos de matrícula de aplicación ao alumnado estranxeiro maior de dezaioito anos que non teña a condición de residente para os estudos de grao e máster universitario, con exclusión daquelas persoas que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea ou aquelas ás que lles sexa de aplicación o réxime comunitario, segundo se establece no artigo 2.5 do Decreto 103/2021, do 1 de xullo, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2021/2022 (DOG do 13 de xullo).

A citada Resolución Reitoral non recolle os prezos a aplicar na segunda, terceira e cuarta e sucesivas matrículas polo que procede ditar unha resolución complementaria para determinalos.

En consecuencia, esta Reitoría RESOLVE:

ÚNICO.- De acordo co criterio empregado na Resolución Reitoral do 15 de xullo de 2021 de incrementar nun 25% o prezo establecido para a primeira matrícula no Decreto 103/2021, do 1 de xullo, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2021/22, os prezos públicos de matrícula que se aplicarán aos estudos de grao e máster cursados polo alumnado estranxeiro maior de dezaioito anos que non teña a condición de residente, con exclusión daquelas persoas que sexan nacionais de estados membros da Unión Europea ou aquelas ás que lles sexa de aplicación o réxime comunitario, serán os seguintes segundo o tipo de estudos:

1. Ensinanzas de grao (prezo dun crédito).

Titulacións do Epígrafe A:

- Primeira matrícula: 17,41€
- Segunda matrícula: 24,13€
- Terceira matrícula: 39,01€
- Cuarta e sucesivas matrículas: 49,74€

Titulacións do Epígrafe B:

- Primeira matrícula: 12,31€
- Segunda matrícula: 17,03€
- Terceira matrícula: 27,55€
- Cuarta e sucesivas matrículas: 35,08€

2. Ensinanzas de máster que habiliten para o exercicio de actividades profesionais reguladas en España segundo o establecido na normativa estatal e europea aplicable e análogos (prezo dun

crédito).

Másteres do Epígrafe A:

- Primeira matrícula: 17,41€
- Segunda matrícula: 24,13€
- Terceira matrícula: 39,01€
- Cuarta e sucesivas matrículas: 49,74€

Másteres do Epígrafe B:

- Primeira matrícula: 12,31€
- Segunda matrícula: 17,03€
- Terceira matrícula: 27,55€
- Cuarta e sucesivas matrículas: 35,08€

3. Outras ensinanzas de máster oficiais (prezo dun crédito).

Másteres do Epígrafe A:

- Primeira matrícula: 17,41€
- Segunda e sucesivas matrículas: 48,18€

Másteres do Epígrafe B:

- Primeira matrícula: 12,31€
- Segunda e sucesivas matrículas: 33,35€

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2021

O reitor,
Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme á Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015)

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
23/08/2021 12:31:38.

CSV: 68E0-BDCB-4798-AA16